

Escolma de textos relacionados con Ilduara

Fonte: Pallares Méndez, M^{ra}.C., Ilduara, una aristócrata del siglo X, Seminario de
Estudos Galegos, 2004.

Traducción ao galego: Eva Vieites Salmonte.



Consello da Cultura Galega
Comisión de Igualdade

Testamento de San Rosendo do 977, onde lembra como el e a súa nai Ilduara fixeron construír o lugar e edificar a igrexa:

Finalmente, adiándoo a ti Señor e Deus, eu Rosendo bispo, devoto e humilde servo teu, xunto coa miña nai **Ilduara**, construímos o lugar xa mencionado, edificamos unha igrexa en honor do piadosísimo e segurísimo protector san Salvador e de tódolos apóstolos e mártires e do arcanxo Miguel, mensaxeiro do Altísimo, e levantamos as casas para a vida en común e todo o que, dentro e fora, é preciso para o axeitado cumprimento da norma regular; do mesmo xeito plantamos vides e toda clase de árbores coñecidas (p. 9-10)

Descrición que fai Ordoño de Celanova no século XII do mosteiro de San Salvador e das riquezas da contorna:

Volto despois o santo bispo a aquel lugar, quedou moi satisfeito de que a paraxe estivese chea de vides, de frutais e de terras de labrado, e cuberto na chaira de prados e regado de excelentes augas, onde comezou a edificar coa axuda da súa nai **Ilduara** vivendas para monxes con todo o preciso, e a enriquecelas con capelas en torno ao pequeno templo de San Martín que fora erixido alí, ao dicir da xente, en tempos antigos, o cal restaurado aínda pode verse mantido en pé á esquerda das capelas. A máis importante delas edificouse en honor de san Salvador, a segunda quixo que estivera dedicada en honor a san Pedro, a terceira en honor a san Xoán, apóstolo do Señor, e fixo dentro dos claustros do mosteiro case como un símbolo, non lonxe das capelas, o pequeno templo de san Miguel arcanxo, de aspecto un pequeno refuxio, construído en pedra de marabillosa labra que suscita a admiración de cantos o contemplan.

Rematáronse as capelas e realizáronse as obras requiridas nos edificios, a saber as que cubrían as necesidades dos monxes que levaban no claustro unha vida santa, e as que daban aos hóspedes e peregrinos paz e consolo.

Ao cabo de sete anos, ao comezar, segundo se di, o octavo, rematadas todas as obras, segundo dixemos precisas para un mosteiro, reuniu monxes de distintas partes, e tomou para si o hábito monástico (p. 30-31)

Comezo do documento que no ano 934 recolle o *colmellus divisiones* dos fillos de Ilduara:

No nome do Señor, todos nós os abaixo mencionados: Rosendo bispo, Munio, Froila, Adosinda e Ermesinda nos alcance a salvación do señor amén. Compraceunos facer entre nós o colmellus divisións das *villae* que posuímos por sucesión dos nosos avós Hermenegildo e Ermesinda, Ero e Adosinda, así como dos nosos pais Gutier e **Ilduara**, tanto do que compraron ou recibiron por doazón como do que obtiveron por descendencia ou construíron, canto de todo iso consta neste testamento ou colmellus (p. 56)

Descrición de Ordoño de Celanova, que escribiu case douscentos anos despois do suceso que narra, a intercesión divina á que recorre Ilduara para alcanzar a gracia do embarazo e do parto:

San Rosendo, bispo da igrexa de Dumio, naceu nunha preclara liñaxe rexia, a saber, seu pai foi o conde Gutierre, e a súa nai Ilduara; o seu pai, conde da rexión de Galiza e provincia de Portugal, contraeu lexítimo matrimonio coa dita **Ilduara**, facéndoa súa esposa. Despois de levar unha vida xusta e abondar en tódolos ben que parecen promover a felicidade, soamente se viu privado da ledicia de ter fillos, que se lle malograban porque nacían mortos. Inda que de berce real e dotado de boa figura e excelente saúde (que os mortais estiman os bens principias), e satisfeito coa beleza da súa santa esposa, entristecíase porque conservaba a súa facenda para herdeiros alleos. Recorre, pois, coa súa esposa diversos mosteiros, de parar de depositar ofrendas e incenso nos altares dos santos, regando coas súas lágrimas as igrexas destes. E aconteceu que dito conde Gutierre estaba, segundo se di, ante Coimbra, co rei Ramiro, fillo do rei Ordoño, nunha expedición militar, e a súa esposa **Ilduara** quedou en Salas, sen cesar nas súas continuas súplicas (Salas é unha vila real que dista dúas millas dunha igrexa que fora consagrada en honor de san Salvador no monte Córdoba). Ela mandou preparar un camiño pola cima do monte para poder asistir á celebración dos divinos oficios e obter de Deus a súa reitera petición. E ía a cotío á igrexa de San Salvador polas escarpaduras do monte case en liña recta, sen a axuda de ningunha cabalería nin o apoio de xentes armadas ou damas de compañía, segundo é costume; pola contra, marchaba cos pés descalzos sostida polo Espírito Santo.

Agora ben, cando xa se sentía agobiada, en parte polas dificultades do camiño, en parte polos seus frecuentes xaxúns e a parquedade do alimento, prostrada ante o altar de San Salvador, con incesantes saloucos e continuos golpes de peito orou así ao Señor: “ Señor Deus, rei da gloria eterna; Ti, que te dignaches crear ao home do limo da terra á túa imaxe e semellanza e da súa costela darlle unha compañeira semellante a el; Ti, que te dignaches darlle a Set para substituír a Abel, a quen o seu inicuo irmán matara por soa envidia; Ti, que baixo a imaxe da Trindade aparecéndote a Abraham visitaches á estéril Sara, e quitándolle o oprobio da escrava alegráchela co nacemento de Isaac; Ti, que a Ana despois de orar en Silo e de teren sido motexada de ebria polo sacerdote Eli, recibíchela no teu templo dous anos despois co seu fillo Samuel; Ti, que honraches á nonaxenaria Isabel, cando ela concibira, coa visita de túa nai a vires, xa tamén preñada, a quen dixo con espírito profético: <<¿Por qué o que veña a nai do meu Señor a visitarme?: escóitame a min, a túa escrava, e dígñate alegrarme cun fillo que poida ofrecer, como Abraham e Isaac, en alabanza e gloria do teu nome>>. En canto rematou a súa oración caeu baixo un doce sono, e para que non dubidara de que a súa petición se cumpriría, foille prognosticado por unha visión anxélica, que, como se vería, o seu fillo

santificado por Deus gardaría os preceptos divinos e libraría a moitísimo dos lazos do demo cos seus coidados de pastor.

Unha vez espertada do sono, mandou recado ao seu marido para que voltara xunto dela sen demora e canto antes. El obedeceu inmediatamente á súa petición e, chegado xunto a ela, cando soubo polas súas verbas a revelación que tivera, no tempo oportuno uniuse á súa muller, a cal concibiu un fillo de acordo coa revelación divina o día sexto das kalendas de marzo.

Cando se cumpriu o tempo do parto, non en medio das tribulacións da dor, senón na tranquilidade e ledicia dunha grande calma, deu a luz o fillo prometido por Deus, de nome Rosendo, o día sexto das kalendas de decembro: inda que de feito naceu a véspera de san Facundo e Primitivo, sen embargo, para festexar o seu nacemento e pola absolución dos seus pecados honrou a festividade destes mártires mentres viviu, tanto con celebracións litúrxicas como con variadas distribucións de alimentos, e así deixou disposto que o observasen os monxes de Celanova para sempre.

Cando naceu o neno segundo contamos, convocados os clérigos pobres e os sacerdotes, feitos vir tamén veciños e parentes, celebraron un grande banquete, e ofreceron o seu fillo a Deus ante o altar de San Salvador, segundo prometeran. E alí deron a liberdade, segundo din os servos e servas, e aliviaron cos seus donativos a miseria e a pobreza dalgunhas viúvas, ata o punto de prometer a metade da súa herdade chamada Salas, onde se realizara a promesa; e alí edificaron unha igrexa, segundo se di, en honor a Deus e de San Miguel, príncipe dos arcanxos, para testemuña do feito, e fixérona consagrar por bispos convocados ao efecto (p. 63-64)

Documento de doazón ao mosteiro de Celanova datado no 942.

Sometido ao poder de Deus, eu Rosendo, bispo dumiense, libremente firmei esta concesión por min realizada en nome do meu Salvador e dos encargados dos seu culto. Vermudo, príncipe serenísimo e piadoso, que determinei que isto se fixera, confirmeino coa miña propia man. **Ilduara**, esta doazón ou concesión do meu fillo Rosendo bispo, con mente proclive, confirmo. Munio Gutiérrez confirmo todo o contido no testamento. Froila Gutiérrez, desexándoo de todo corazón, confirmo que se faga. Adosinda confirmo a vontade de miña nai e dos meus irmáns. Jimeno Díaz estiven presente e confirmo. Pelaió González estiven presente e confirmo. Fernanda confirmo. Sarracina confirmo. Ildoncia, tía paterna do máis arriba mencionado bispo donante, confirmo (p. 68)

Documento polo que Ramiro II no 942 confire ao seu curmán Froila, fillo de Gutier e Ilduara, o goberno de distintos territorios (aquí amósase o claro achegamento de Ilduara ao poder).

Ramiro, rei, a ti, Froila Gutiérrez. Pola serenidade deste precepto noso, ordenámosche que exerzas o poder, baixo a tutela da túa nai **Ilduara**, a nosa tía, no comiso de Caldelas, tal como o tiveron o teu pai e tamén Arias Menéndez; tamén che concedemos a metade dos de Lor e Quiroga e, en Búbal, a decanía de Tredones e outra decanía tamén aí en Búbal e a terceira parte da cabeceira do Limia e outra decanía no Salnés e a cuarta parte en Páramo, a metade de Ladra, Refoxos de Leza e Sorga; de tal xeito que o pobo que habita neses territorios acepte fielmente o noso dereito e cumpra e execute

inescusablemente o que vós ordenedes. Ordenamos ademais que ninguén alí vos ocasionese conflitos ou vos faga oposición (p. 108-109)